


BENVIDOS/AS AO IES “SANTIAGO BASANTA SILVA”



HORARIO XERAL DO CENTRO

HORAS	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
8.45-11.15					
11.15-11.45	<i>LE CER</i>				
11.45-14.15					
16.15-17.55					

EDIFICIO A



CONSERXERÍA: XUSTIFICAR FALTAS, RECOLLER ALUMNADO, TITORIAS



OFICINAS: ENTREGAR A DOCUMENTACIÓN



DIRECCIÓN, VICEDIRECCIÓN, D.ORIENTACIÓN



BIBLIOTECA



BIBLIOTECA



BIBLIOTECA





GOBIERNO DE GALICIA
DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN,
CULTURA E ORDENACIÓN TERRITORIAL



IES ROSALÍA DE SILVA
VIA ALBA



Centro Cultural Manuel Fraga s/n
27000 NOIA (BA)

Tel. 982 512 550
Fax 982 523 202

e-mail: ies.rosalia@educa.xunta.es
Web: www.edu.xunta.es/rosalia/iesrosalia.es

EDIFICIO B

BAIXO



PRIMEIRO ANDAR




SEGUNDO ANDAR





BAIXO EDIFICIO D



COMEDOR E CAFETERIA




COMEDOR Y CAFETERÍA



CONSERXERÍA, XEFATURA DE ESTUDOS, SALA DO PROFESORADO




SISTEMA EDUCATIVO LOMLOE



NOVA ETAPA ESO

- Obrigatoria ata aos 16 anos (10 anos de escolarización).
- Acadas o título da ESO ao rematar.
- Este título da acceso a:
 - ☐ Bacharelato
 - ☐ Ciclos medio (FP)



1º ESO (LOMLOE)

MATERIAS 1º ESO (LOMLOE)	HORAS
LINGUA GALEGA E LITERATURA	3
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	4
1º LINGUA ESTRANXEIRA (inglés)	3
MATEMÁTICAS	4
XEOGRAFÍA E HISTORIA	3
EDUCACIÓN FÍSICA	3
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA	3
2º LINGUA ESTRANXEIRA (francés)	2
EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL	2
TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN	3
ELEXIR UNHA	
RELIXIÓN	
PROXECTO COMPETENCIAL	
TITORÍA	1
TOTAIS	32

1 hora semanal de tutoría



Atención e orientación individualizada



Orientación grupal



Actividades didácticas grupais:

Elección delegados e organización do grupo.

Organización do estudo na casa.

Información académica.

Obradoiros: Habilidades sociais, acoso, redes sociais, consumo, educación intercultural.

Cando penses...



...Acude ao teu titor/a

COMO É 2º, 3º, 4º de ESO



MATERIAS 2º ESO (LOMLOE)	HORAS
LINGUA GALEGA E LITERATURA	4
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA	3
1º LINGUA ESTRANXEIRA (inglés)	3
MATEMÁTICAS	4
XEOGRAFÍA E HISTORIA	3
EDUCACIÓN FÍSICA	3
FISICA E QUIMICA	3
2º LINGUA ESTRANXEIRA (francés)	2
MÚSICA	2
TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN	3
TITORÍA	1
ELEXIR UNHA	1
RELIXIÓN PROXECTO COMPETENCIAL	
TOTAIS	32

COMO SE ESTRUCTURA 3º E 4º DE ESO

3º ESO

MATERIAS OBRIGATORIAS

- Bioloxía e Xeoloxía (2h)
- Física e Química (2h)
- Matemáticas (4)
- Xeografía e Historia (3h)
- Lingua Castelá e Literatura (3h)
- Lingua Galega e Literatura (3h)
- Primeira Lingua Estranxeira (3h)
- Educación Física (2h)
- Música (2h)
- Educación Plástica, Visual e Audiovisual (2h)
- Tutoría (1h)

ELIXIR UNHA

- ☐ Relixión (1h)
- ☐ Proxecto Competencial (1h)

ELIXIR UNHA

- ☐ Segunda Lingua Estranxeira (3h)
- ☐ Cultura Clásica (3h)
- ☐ Educación Dixital (3h)
- ☐ Oratoria (3h)

4º ESO

MATERIAS OBRIGATORIAS

Xeografía e Historia (3h)
Lingua Castelá e Literatura (3h)
Lingua Galega e Literatura (3h)
Matemáticas A ou B (4h)
Lingua Estranxeira (3h)
Educación Física (2h)
Tutoría (1h)

ELIXIR TRES MATERIAS DE OPCIÓN

Bioloxía e Xeoloxía (3h)
Física e Química (3h)
Dixitalización (3h)
Latín (3h)
Música (3h)
Economía e Emprendemento (3h)
Formación e Orientación Persoal e Profesional (3h)
Tecnoloxía (3h)
Expresión Artística (3h)
Segunda Lingua Estranxeira (3h)

ELIXIR UNHA MATERIA OPTATIVA

Cultura Clásica (3h) se non foi cursada en 3º
Filosofía (3h)
Oratoria (3h) se non foi cursada en 3º
Unha materia de opción non cursada do bloque anterior (3h)

ELIXIR UNHA

Relixión (1h)
Proxecto Competencial (1h)

PROMOCIÓN E TITULACIÓN EN ESO



AVALIACIÓN E PROMOCIÓN NA ESO

AVALIACIÓNS

Haberá tres avaliacións parciais e unha final. A 3ª avaliación parcial coincidirá coa avaliación final. Na avaliación final decidírase a cualificación definitiva.

De non existir unanimidade nas decisións requírase acordo favorable da maioría simple.

REPETICIÓN

A repetición será excepcional e aplicarase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio. Poderase repetir dúas veces como máximo en todo o ensino obrigatorio e, excepcionalmente, poderase repetir a maiores en 4º, prolongando un ano máis o límite de idade (ata os 19 anos).

O alumnado que repita deberá seguir un plan específico personalizado.

CONSELLO ORIENTADOR

Ó finalizar 2º ESO entregaráselles ós pais ou titores legais un consello orientador coa proposta máis adecuada para continuar a súa formación, que poderá ser a incorporación a un PDC ou un ciclo formativo básico.

Ó rematar 4º ESO entregaráselles outro consello orientador coa proposta sobre a opción académica, formativa ou profesional máis adecuada para o seu futuro formativo.

PROMOCIÓN CURSO NA ESO

1º Con todas as materias superadas.

2º Con dúas materias sin superar (computan tamén as dos cursos anteriores).

3º Con mais de dúas materias sin superar cando se cumplan todas as seguintes condicións:

O alumnado que promociione con materias sin superar deberá seguir un PLAN DE REFORZO.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN PARA PASAR CON MÁIS DE 2 SUSPENSAS: o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias nas que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición
- c) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
- c) Que o equipo docente estime que ten expectativas favorables de recuperación
- d) Que o equipo docente estime que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NA ESO NO IES

2º ESO

Adaptacións curriculares.

Plans personalizados de reforzo.

Profesorado de apoio dentro da aula.

Profesor de PT

Exención de 2ª Lingua Estranxeira.

3º ESO

Adaptacións curriculares.

Plans personalizados de reforzo.

Profesorado de apoio dentro da aula.

Profesor de PT

3º PDC
(Programa de Diversificación Curricular)

4º ESO

Adaptacións curriculares.

Plans personalizados de reforzo.

Profesorado de apoio dentro da aula.

Profesor de PT.

Elección de itinerarios e materias.

4º PDC
(Programa de Diversificación Curricular)

O Departamento de Orientación ten as seguintes funcións:

- Axuda persoal.
- Información académica.
- Ensinar a tomar decisións.
- Ensinar a resolver conflitos.
- Coordinación dos titores.
- Asesoramento a familias.



FUNCIÓNS DEPARTAMENTO ORIENTACIÓN

- APOIAR AOS TITORES (PLAN DE ACCIÓN TITORIAL).
- COORDINACIÓN CON XEFATURA DE ESTUDOS E RESPONSABLE DE BENESTAR.
- COORDINAR CO PROFESORADO MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE PARA AXUDAR A ALUMNADO QUE O PRECISE.
- ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL PARA AXUDAR AO ALUMNADO A ELEXIR OPTATIVAS, ITINERARIOS ETC..
- APOIAR AO ALUMNADO NA RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS INTERPERSOAIS.
- DETECTAR DIFICULTADES DE APRENDIZAXE E REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA.
- XESTIONAR A ATENCIÓN A DIVERSIDADES E MEDIDAS A ADOPTAR.
- INTERVENCIÓN ANTE NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECÍFICAS DE APOIO OU ESPECIAIS
- RELACIÓN COAS FAMILIAS, ASESORAR AS FAMILIAS NO PROCESO EDUCATIVO E PAUTAS DE APOIO NO ÁMBITO FAMIL

RESPONSABLE DE BENESTAR

- É UNHA PROFESORA QUE TEN ESA FUNCIÓN DE AXUDAR AO ALUMNADO ANTE CALQUERA PROBLEMA QUE POIDA PREOCUPALO.
- TEN O SEU DESPACHO AO LADO DAS VOSAS AULAS.
- MEDIA EN CONFLITOS ENTRE ALUMNADO.
- SOA FALAR CON ALUMNADO POR PETICIÓN DO PROFESORADO, TITORES, OREINTADORA, EQUIPO DIRECTIVO OU FAMILIAS, PARA PREOCUPARSE POLO SEU BENESTAR NO CENTRO EDUCATIVO.


Para ter éxito algúns consellos:

- 1º Ter unha axenda e levala a clase
- 2º Atender na clase e levar os apuntes ó día
- 3º Organizar o tempo de estudo na casa
- 4º Estudar un pouco cada día.
Repasar o que se deu na clase.
- 5º Preparar os exames con antelación.
- 6º Realizar un estudo activo:

1. Lectura rápida.
2. Lectura lenta e comprensiva.
3. Suliñado.
4. Esquema.
5. Memorización do esquema.
6. Repaso.

7º Durmir o suficiente.

8º Almorzar antes de vir ao instituto



CONSELLOS PARA O ÉXITO

1º Ter unha axenda e levala a clase



2º Organizar o tempo de estudo na casa



HORARIO	LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES	SABADO
⌚ 07.						
⌚ 08.						
⌚ 09.						
⌚ 10.						
⌚ 11.						
⌚ 12.						
⌚ 13.						
⌚ 14.						
⌚ 15.						
⌚ 16.						
⌚ 17.						
⌚ 18.						
⌚ 19.						
⌚ 20.						

3º Estudiar un pouco cada día. Repasar o que se deu na clase.



4º Atender na classe e levar os apuntes ó día



5º Preparar os exames con antelación




6º Durmir o suficiente



9º Almorzar antes de vir ao instituto



E algo moi, moi importante



ESTUDAR E CONVIVIR



En La Vida
No Hay Premios
ni Castigos,
sino
CONSECUENCIAS

Robert Green Ingle '08



NOFC DO CENTRO

***LEI DE CONVIVENCIA 4/2011
DO 30 DE XUÑO***

DECRETO 8/2015

PROTOCOLO USO DO MÓBIL OU DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS

O uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos está totalmente prohibido durante a xornada escolar, é dicir, tanto nos períodos lectivos, como nas entradas e saídas do centro, nos tempos de recreo, de comedor escolar e nos períodos dedicados ao desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares, agás en casos particulares que citaremos a continuación.

Queda permitido o uso do teléfono móbil e dispositivos electrónicos nos períodos lectivos como ferramenta pedagóxica cando o profesorado así o estime oportuno e con previo aviso á familia do alumnado cunha mensaxe vía ABALAR para que teñen constancia de tal feito.

Queda permitido o emprego proporcionado e razoable dos dispositivos por cuestións de oportunidade ou necesidade, médicas ou de outra índole, sempre e cando o motivo estea xustificado da maneira que se considere en cada caso atendidas as circunstancias, e así sexa autorizado pola dirección do centro, ou, de non ser isto posible, polo profesorado.

O uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nas actividades complementarias ou extraescolares poderá ser permitido polo profesorado implicado na realización de ditas actividades se así o considera oportuno.

PROCEDIMIENTO PARA A RETIRADA

- **Cando o profesorado observa que un/ha alumno/a está a usar o móbil ou dispositivo electrónico** sen ter en conta as excepcións establecidas no apartado anterior, procederá a seguir da seguinte maneira. En primeiro lugar, **solicitaralle que apague o móbil e que llo entregue**. A continuación cubrirá o documento de recollida de móbil ou dispositivo electrónico que ten o centro establecido para tal fin. Ese móbil ou dispositivo electrónico co documento cuberto será entregado en xefatura de estudos, ou no seu defecto, no cargo directivo de garda ao finalizar a hora de clase. Se se lle requisa nun corredor o/a profesor/a esperará a terminar a súa hora de clase para entregalo.
- **Ao terminar a xornada lectiva o/a alumno/a poderá a ir a recoller o seu teléfono móbil ou dispositivo electrónico á xefatura de estudos, o no seu defecto, ao cargo directivo que estea a cargo nese momento**, asinando o documento de recollida. Dende xefatura de estudos levarase un rexistro destas incidencias, de tal maneira de que á segunda vez que se lle requise o teléfono móbil ou dispositivo electrónico será motivo de comparecencia e será aplicado o establecido nas NOF para tal efecto.
- **No comedor escolar, os coidadores do mesmo poderán requisar os móbiles**, os dispositivos electrónicos da mesma maneira anteriormente indicada para o profesorado.
- Actividades complementarias e extraescolares se se levan a cabo no centro.

ARTIGO 39 CONDUCTA LEVE CONTRARIA Á CONVIVENCIA NA AULA

As faltas inxustificadas de asistencia.

As faltas inxustificadas de puntualidade

Non seguir as indicacións do profesorado en canto á aprendizaxe:

- ✓ Non prestar atención.
- ✓ Non realizar as tarefas escolares.
- ✓ Non traer o material escolar.
- ✓ Copiar ou facilitar a copia en exames ou probas que sirvan para a cualificación.

Abandonar a clase sen permiso.

Facer xestos, ruídos ou actos improcedentes reiteradamente perturbando o normal desenvolvemento da clase.

Levantarse sen permiso.

Interrumper continuamente as explicacións do profesor ou profesora.

Molestar continuamente aos compañeiros/as impedindo que atendan as explicacións do profesor ou profesora.

Non participar, de xeito correcto, nas actividades complementarias ou extraescolares.

Comer ou beber na aula e corredores.

O deterioro das dependencias do centro escolar, de material didáctico ou dos obxectos e pertenzas dos demais membros da Comunidade Educativa, cando sexa causado por negligencia (descoido)

Vestir prendas que impidan a identificación do alumnado (ocultación de face), ou mensaxes vexatorias ou discriminatorias cara algún grupo social, ou que inciten ao consumo de substancias perigosas para a saúde, ou a violencia ou calquera acto contraio á convivencia.

Utilizar o equipamento da aula , electrónico, mecánico, telefónico, informático ou de calquera outra clase sen autorización.

MEDIDAS CORRECTORAS

- ❑ Reflexión sobre a conduta inadecuada concreta e as súas consecuencias.
- ❑ Recoñecemento da inadecuación da súa conduta.
- ❑ Realización de actividades de aprendizaxe sen que poidan supoñer un aumento do tempo de permanencia no centro docente.
- ❑ Realización dalgunha tarefa relacionada co tipo de conduta inadecuada.
- ❑ Apercibimento oral ou escrito, que poderá ser diante dos pais, nais ou titores legais ou da Xefatura de Estudos, si existe reincidencia.
- ❑ De non resultar efectiva a corrección aplicando algunha das medidas correctoras anteriores, o profesorado comunicarao ás familias ou representantes legais a través de abalar móbil ou por un informe enviado por correo postal (ANEXO XII) entregando unha copia á titoría.

ARTIGO 41: CONSIDERACIÓN DE CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

A reiteración ata tres veces dentro do mesmo trimestre académico dun mesmo tipo de conduta inadecuada das sinaladas no artigo 39 sempre que foran comunicadas aos pais, nais ou representantes legais.

Dirixirse a calquera membro da comunidade educativa de maneira insolente e maleducada..

Os actos de desobediencia aos órganos unipersoais de goberno do centro ou aos profesores ou profesoras cando vaian acompañados de manifestacións de indisciplina ou expresións insultantes, despectivas, desafiantes ou ameazadoras, así como ao resto do persoal do centro docente en exercicio das súas funcións.

As expresións de ameaza ou insulto contra os compañeiros ou compañeiras ou contra outros membros da comunidade educativa cando non estean sinalados como conduta que prexudica gravemente a convivencia, así como xestos ou actitudes que poidan interpretarse inequivocamente como intentos ou ameazas de agresión,

Saída do centro sen autorización.

Ensuciar as instalacións.

Perturbar a orde nos corredores

Fumar dentro do recinto escolar(cigarrillos electrónicos) ou uso de vapeadores ou calquera obxecto que sexa susceptible de ser usado para inxestión de sustancias non recoñecibles.

Prohibido o uso de móbil, mp3 e similares no centro.

Subtraer e/ou difundir modelos de exames.

Actos que interfiran ou desvirtúen a comunicación entre centro/familias/alumnado..

MEDIDAS CORRECTORAS

❑Apercibimento persoal e, si se considera, sinatura de un contrato de conduta .

❑Apercibimento escrito, e si se considera, sinatura de un contrato de conduta. ou envío dun parte de Información á familia.

❑Apercibimento, no caso de alumnado menor de idade, en presenza da familia ou representantes legais e, si se considera, sinatura de un contrato de conduta

❑Realización de tarefas escolares en horario lectivo entre 3 e 5 días.

❑Realización, se procede, de tarefas que contribúan á reparación dos danos materiais causados, ou, no seu caso, á restauración do material deteriorado.

❑Realización de tarefas de servizo á comunidade en período non lectivo, por un prazo máximo de cinco días lectivos, agás períodos vacacións.

❑Suspensión do dereito de asistencia ás clases dunha ou varias materias por un prazo máximo de tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

ARTIGO 41: CONSIDERACIÓN DE CONDUCTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

Os danos causados nas instalacións ou pertenzas do centro docente ou aos membros da Comunidade Educativa cando non constitúan condutas que prexudiquen gravemente a convivencia.

A negativa a identificarse ante calquera membro da Comunidade Educativa.

Calquera conduta que implique discriminación por razón de nacemento, idade, raza, sexo, orientación sexual, aptitude psíquica ou física, crenza, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal, económica ou social, cando non deba considerarse conduta que prexudique gravemente a convivencia.

As condutas perturbadores da orde no transporte ou no comedor escolar, tanto de carácter individual como colectivo, cando non constitúan conduta gravemente prexudicial para a convivencia.

Calquera outra conduta que constitúa incumprimento dos deberes do alumnado sempre que interfira dalgunha maneira no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes dos demais membros da Comunidade Educativa e non estea sinalada no artigo 44 como conduta que prexudique gravemente a convivencia no centro docente.

- ☐ **Apercibimento persoal e, si se considera, sinatura de un contrato de conduta .**
- ☐ **Apercibimento escrito, e si se considera, sinatura de un contrato de conduta. ou envío dun parte de Información á familia.**
- ☐ **Apercibimento, no caso de alumnado menor de idade, en presenza da familia ou representantes legais e, si se considera, sinatura de un contrato de conduta .**
- ☐ **Realización de tarefas escolares en horario lectivo entre 3 e 5 días.**
- ☐ **Realización, se procede, de tarefas que contribúan á reparación dos danos materiais causados, ou, no seu caso, á restauración do material deteriorado.**
- ☐ **Realización de tarefas de servizo á comunidade en período non lectivo, por un prazo máximo de cinco días lectivos, agás períodos vacacións.**
- ☐ **Suspensión do dereito de asistencia ás clases dunha ou varias materias por un prazo máximo de tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.**
- ☐ **Suspensión do dereito á participación en actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.**
- ☐ **Cambio de grupo ou de clase por un período de ata unha semana.**
- ☐ **Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un prazo máximo de tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes e traballo que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.**
- ☐ **Retirada dos obxectos contemplados no apartado i) do artigo 41 , que serán depositados en Xefatura para a súa posterior entrega ao alumno/a ao final da xornada lectiva se é a primeira vez ou á familia ou representantes legais, se é reincidencia, nunha comparecencia da que se levantará acta**
- ☐ **Comparecencia inmediata ante a Xefatura de Estudos.**
- ☐ **Propoñer a realización dun contrato negociado polas partes implicadas no conflito coa intervención dun mediador ou mediadora do Plan de Convivencia**

ARTIGO 44 CONDUTAS QUE PREXUDICAN GRAVEMENTE A CONVIVENCIA NO CENTRO

A reiteración de calquera tipo de conduta leve contraria á convivencia, sinalada no artigo 41 agás o alínea a), sempre que foran comunicadas á familia ou representantes legais.

Actos de indisciplina, incluída a negativa a cumprir as medidas correctoras impostas, ante os órganos de goberno do centro docente ou o profesorado do centro en exercicio das súas competencias, así coma as expresións que sexan consideradas gravemente inxuriosas ou ofensivas contra os membros da Comunidade Educativa, verbalmente, por escrito ou por medios informáticos ou audiovisuais.

Os actos individuais ou colectivos de desafío a autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

O acoso co fin de atentar contra a dignidade da persoa ou de crear un entorno intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo.

Utilización de insultos que impliquen ou expresen discriminación por razóns de nacemento, idade, raza, sexo, orientación sexual, aptitude psíquica ou física, crenzas, ideoloxía, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal, económica ou social.

Os danos graves causados polo uso indebido ou intencionado nos locais, material ou documentos do centro ou nos bens dos membros da Comunidade Educativa

As actuacións prexudiciais para á saúde e integridade persoal dos membros da Comunidade Educativa, como, entre outras, o consumo de tabaco, alcol e drogas.

MEDIDAS CORRECTORAS

- ❑ Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro por un prazo superior a cinco días lectivos e inferior a 30 días lectivos
- ❑ Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- ❑ Cambio de grupo.
- ❑ Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas, nos que terá que realizar as tarefas que o profesorado determine para evitar a interrupción do proceso formativo, asistindo ás probas ou exames que nese período puidesen ter lugar.
- ❑ Suspensión temporal do dereito a asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes, nos que terá que realizar as tarefas que o profesorado determine para evitar a interrupción do proceso formativo, asistindo ás probas ou exames que nese período puidesen ter lugar.

ARTIGO 44 CONDUTAS QUE PREXUDICAN GRAVEMENTE A CONVIVENCIA NO CENTRO

As agresións físicas ou psíquicas, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

Todas as condutas contrarias á convivencia, se concorren circunstancias de colectividade ou de publicidade intencionada, sexan por procedementos orais, escritos, audiovisuais ou informáticos, así como cando formen parte dunha situación de maltrato entre iguais.

Provocar ou involucrase en altercados ou condutas agresivas que impliquen risco grave de lesións.

As condutas perturbadoras da orde no transporte ou no comedor escolar que poidan crear situacións de risco para calquera membro da Comunidade Educativa

Non respectar o dereito das persoas ao honor, á intimidade e á propia imaxe utilizando medios de gravación e/ou difusión contra a súa vontade ou, no seu caso, contra a vontade da familia ou representantes legais.

Calquera acto cometido conscientemente que constitúa delito ou falta penal

A tenencia e uso, dentro do recinto escolar, de obxectos non relacionados coa actividade docente e susceptibles de causar lesións físicas a calquera membro da Comunidade Educativa.

Emprego de medios electrónicos para a realización de fotos ou vídeos dentro do recinto escolar e dentro do horario escolar sen autorización, e difusión nas redes sociais.


A suplantación de personalidade en actos da vida docente e falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos (boletíns de notas, xustificantes de faltas de asistencia, etc.).

☐ Cambio de centro.

☐ No caso de acoso escolar actuarase consonte ao establecido no TÍTULO III da Lei de convivencia (DOG, 136/2011 do 15 de xullo).

AULA DE CONVIVENCIA

Destinada a alumnado con
Conductas negativas



FUNCIONAMENTO XERAL

- ☐ Privación temporal do dereito de asistencia a clase, dunha ou varias materias, realizando tarefas e actividades formativas enviadas polo profesorado da materia da que se privou a asistencia a aula.
- ☐ Estará baixo a supervisión do profesorado de garda, e realizará as tarefas que se lle envían.
- ☐ Este alumnado terá algunha sesión coa orientadora ou responsable de benestar.
- ☐ Cando un/ha alumno/a é enviado a aula de convivencia será informada a familia pola xefa de estudos de dita medida correctora.

ACOSO ESCOLAR

Protocolo de acoso escolar da Consellería de educación

Pax web do centro educativo: Punto laranxa podes pedir axuda para ti ou compañeiro/a

Buzón laranxa: no edificio A



Al salir de
clase me
hacen la
zancadilla.

Nadie
quiere jugar
conmigo en
el patio.

Siempre que
respondo a las
preguntas de los
profesores mis
compañeros se
ríen de mí.

En el patio me
quitan los
libros para
que no pueda
estudiar.

Cuando
propongo
hacer trabajos
extra me miran
mal.





O cyberbullying é o uso dos medios telemáticos (internet, móbiles e videoxogos online) para exercer o acoso psicológico entre iguais. .



FORMAS DE ACOSO ESCOLAR



FÍSICO

INCLUYE, ENTRE OTROS, GOLPES, EMPUJONES E INCLUSO PALIZAS.

NO HAY QUE IGNORARLO O PENSAR QUE ES UN JUEGO DE NIÑOS.

SEXUAL

BULLYING POR LA CONDICIÓN SEXUAL DE LA VÍCTIMA.

SOCIAL

AISLAR A LA VÍCTIMA DE SU ENTORNO SOCIAL O IGNORARLA.

PSICOLÓGICO

AMENAZAS, CHANTAJES, INTIMIDACIONES. DAÑAN LA AUTOESTIMA DE LA VÍCTIMA Y ES MÁS DÍFICIL DE DETECTAR QUE EL FÍSICO.


VERBAL

INSULTOS, AMENAZAS, MOTES, PALABRAS HIRIENTES O DISCRIMINATORIAS.

BROMAS PESADAS O QUE RIDICULIZEN A LA VÍCTIMA.

QUE PERSOAS
ACTÚAN NO
ACOSO ESCOLAR?

“TRIÁNGULO DE BULLYING”





MOITAS GRAZAS POLA VOSA ATENCIÓN

Vémonos en 1^o
de ESO!